



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 6 DE OUTUBRO DE 2015.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DOCE HORAS** do día **SEIS DE OUTUBRO DE DOUS MIL QUINCE**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D^o. **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde D^o **KLAUS BREY MONTAÑA** e os concelleiros D^a **ANA LUISA GONZALEZ COSTA**, D^a **MARIA JOSE FERNANDEZ RODRIGUEZ**.

Secretario da Corporación: **MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA**, que da fe.

Aberta a sesión se adoptan os acordos seguintes:

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Queda aprobada a Acta da sesión do 29 de Setembro de 2015.

2º.- ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE "ADECUACIÓN E REMODELACIÓN DE EDIFICIO PARA UBICAR A ESCOLA DE MÚSICA".

Unha vez aprobado o Proxecto para as obras de "Adecuación e remodelación de edificio municipal para ubicar a Escola de Música", por importe de 55.732,38 €, IVE incluído (9.672,60), redactado polo Arquitecto Abrahan Castro Neira, con consignación orzamentaria na partida 334.609 dos Orzamentos do 2015 -60.000 € en total-, procedeuse a convocar a 3 empresas a que presentasen ofertas, tratándose dun contrato de obras de menor cuantía, co resultado seguinte:

- REQUEIJO Y MONTAÑA S.L., cunha oferta de 56.439,85 €
- MIGUEZ XESTOSO S.L., cunha oferta de 55.699,19 €
- FERNANDEZ SARMIENTO S.A., cunha oferta de 55.732,58 €

Non habendo melloras se considera a mais vantaxosa a de **MIGUEZ XESTOSO S.L.**, cunha oferta de 55.699,19 €. Por elo a Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

RESOLVE

1. **ADXUDICAR** o contrato de menor cuantía das obras de "Adecuación e remodelación de edificio municipal para ubicar a Escola de Música", a empresa **MIGUEZ XESTOSO S.L.**, polo prezo de **55.699,19 €, IVE incluído.**

3º.- VENTA DE VEHÍCULO MUNICIPAL INSERVIBLE E DESTINADO O DESGUACE.

VISTO que o vehículo de propiedade municipal marca HYUNDAI GALLOPER, matrícula PO-7264-BN, con 15 anos de antigüidade, que se atopa nas instalacións de Talleres Carbón, está actualmente en desuso, sen ITV, nin seguro e en estado de semi-abandono, necesitando unha reparación consistente na substitución do motor, amén doutras deficiencias.

VISTO o informe da Policía Local no que, logo das consultas efectuadas, se lle outorga un valor venal, por matrícula, sobre 1.200/1.300 €, sempre e cando estivese reparado, xa que necesita a substitución do motor, reparación que se presuposta en 5.594,50 €, que converten en inviable a mesma, polo que procede dalo de baixa en Tráfico e envialo o desguace.

VISTO que, por A.V.C., DNI nº 3.000.000.000, manifesta o seu interese polo vehículo, por dispor dun semellante e pretende reutiliza-la carrozaría para montala no da súa propiedade, ofrecendo 500 €.

TENDO EN CONTA que polas circunstancias especiais que concorren procede efectuar unha venta directa, sen necesidade de concurso público, máxime diante da situación de inservible para o uso público,

Se acorda:

- TRANSMITIR a titularidade do vehículo de propiedade municipal marca HYUNDAI GALLOPER, matrícula PO-7264-BN a A.V.C. DNI nº 3.000.000.000 polo prezo de 500 €, coas condicións seguintes:
- Deberá facerse cargo dos trámites diante da Xefatura de Tráfico, eximindo o Concello de calquera responsabilidade ao respecto.

4º.- SOLICITUDE DE (C.A.C.) DE LICENCIA DE ACTIVIDADE PARA A APERTURA DE "CENTRO DE DISTRIBUCION DE SEMENTES" NO PARQUE EMPRESARIAL, en representación de ROCALBA S.A.

Visto o expediente tramitado a instancias de C.A.C. en representación de ROCALBA S.A. de LICENZA para a actividade de "CENTRO DE DISTRIBUCION DE SEMENTES" en nave sita na Parcela nº 5 da mazá 2 do PARQUE EMPRESARIAL Área 33 de SILLEDA, Proxecto redactado polo Enxeñeiro Industrial Jose Luis Perez Donsión,

Visto que se efectuou o trámite de información pública no BOP de 16.FEB.2010 e DOGA de



2.MAR.2010.

Visto o informe técnico favorable dos servizos urbanísticos.

Se acorda,

- **Conceder Licenza da Actividade** de "CENTRO DE DISTRIBUCION DE SEMENTES" en nave sita na Parcela nº 5 da mazá 2 do PARQUE EMPRESARIAL Área 33 de SILLEDA, segundo Proxecto redactado polo Enxeñeiro Industrial Jose Luis Perez Donsión, a sociedade ROCALBA S.A., previo pago das taxas municipais.

5º.- SOLICITUDE DE A. P. F. DE LICENCIA DE 1ª OCUPACION DA 2ª FASE/ÚLTIMA DO EDIFICIO DE 56 VIVENDAS SITO EN RÚA BARRO DO CAMPO S/N, en representación de PROMOCIONES POL-DOS S.L.

Visto o expediente tramitado a instancias de A A. P. F. en representación de **PROMOCIONES POL-DOS S.L** de LICENCIA DE 1ª OCUPACION DA 2ª FASE/ÚLTIMA DO EDIFICIO DE 56 VIVENDAS SITO EN RÚA BARRO DO CAMPO S/N, segundo Proxecto redactado polo Arquitecto Jose Luis Rodriguez Gonzalez.

Visto o informe técnico favorable dos servizos urbanísticos.

Se acorda,

- **Conceder Licenza de 1ª Ocupación** A. P. F. en representación de **PROMOCIONES POL-DOS S.L** de LICENCIA DE 1ª OCUPACIÓN DA 2ª FASE/ÚLTIMA DO EDIFICIO DE 56 VIVENDAS SITO EN RÚA BARRO DO CAMPO S/N, segundo Proxecto redactado polo Arquitecto Jose Luis Rodriguez Gonzalez, previo pago das taxas municipais.

6º.- DEVOLUCIÓN DE AVAIS.

6.1.- Solicitud de devolución de aval de Dº J. L. G. S. en representación de VIA LACTEA S.L.U, correspondente a licitación do servizo "Servicio Lúdico de Silleda" 2012 e 2013, sen que exista reparo algún por parte do Concello sobre a súa execución.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a devolución dos mencionados avais.

6.2.- Solicitud de devolución de aval de Dº L. M. D. F.



Se ACORDA:

- Desestimar a reclamación de C. F. G., dunha de factura por importe de 2.850,12 €. por obras consistentes "na ampliación dunha nave para depósito de auga potable en Framiñan", tanto por ser descoñecida a súa execución, como polo tempo xa transcurrido, 6 anos, máxime cando no ano 2012 o Concello rexeitou o seu pago con cargo Real Decreto 4/2012 de pagos a provedores, o que impide ao goberno actual revisar esa decisión pola carencia de razóns que xustificaran tal cambio.

10º.- SOLICITUDE DE E. L. A., en nome de ESCUELA DE CONDUCTORES DE SILLEDA, DE AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA PARA A REALIZACIÓN DE PRACTICAS DE CIRCUITO CERRADO PARA A CONCESION DO PERMISO DE CONDUCCION DE VEHÍCULOS.

Visto o escrito asinado por E. L. A., en representación de ESCUELA DE CONDUCTORES DE SILLEDA interesando autorización administrativa para a utilización dun terreo público sito na parcela contigua ao Parque de Bombeiros para a realización de prácticas de autoescola en circuíto pechado para a obtención de permisos de conducción,



Se acorda,

-Conceder a autorización administrativa interesada pola ESCUELA DE CONDUCTORES DE SILLEDA para a utilización dun terreo público sito na parcela contigua ao Parque de Bombeiros para a realización de prácticas de autoescola en circuíto pechado para a obtención de permisos de conducción, previo pago das taxas municipais pertinentes, e coas condicións seguintes:

- Se deberá procurar que ese uso non supoña impedimento algún para os usuarios do aparcamento público.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión as doce e vinte horas, estendéndose a presente acta, do que, dou fe e certifico, na miña condición de fedatario público.

Silleda, a 6 de Outubro de 2015


O SECRETARIO

Asdo. Manuel Quintáns Queiruga